

La justice constitutionnelle en Europe

Dominique Rousseau

Montchrestien, 2ª ed., París, 1996, 158 páxinas.

O prestixioso autor desta obra é profesor da Universidade de Montpellier I e director do Centre d'Études et Recherches comparatives, constitutionnelles et politiques. Nesta ocasión trata de ofrecer, dun xeito sumario, unha visión global do que é, e do que supón a xustiza constitucional no noso continente. Acode, para iso, tanto a reflexións de corte xeral como a datos concretos referidos a ordenamentos determinados. Así as cousas, fai unha visión histórica do tema, aborda a súa xustificación, ofrece os trazos organizativos e funcionais dos tribunais constitucionais europeos na actualidade, e dá conta dalgunha das liñas xurisprudenciais que poden predicarse comúns dos ditos órganos.

O recurso ó método do dereito comparado está presente ó longo de todo o traballo, ofrecéndonos datos, tanto lexislativos como xurisprudenciais, de Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estados Unidos, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Hungría, Italia, Irlanda, Xapón, Polonia, Portugal, Roma-

nía, Suecia e Suíza. En ocasións, estes datos resultan demasiado amoados, co que afastan o lector do fío argumental que nese momento se estaba seguindo. Quizais iso se puidera resolver cun maior emprego de notas ó pé, moi escasas, ou coa utilización de cadros comparativos das diversas regulacións nacionais. Por outra parte, é evidente que o recurso ó iuscomparativismo non significa unha simple acumulación de datos positivos senón unha análise simultánea das distintas previsións nun aspecto dado, co que se pretende extraer unha serie de tendencias e conclusións útiles para o fin que se persegue, que non pode ser comparar por comparar. Isto si que o fai con especial corrección e coidado o autor.

Para situa-lo tema, abórdanse dúas cuestións con afán introductorio. Por un lado, alúdese á historia da xustiza constitucional, para o cal se acode tanto á orixe da institución como ó desenvolvemento desta. Isto efectúase seguindo os patróns clásicos, é dicir, diferencia-lo modelo americano, nado baixo a égida do xuíz Marshall, e o modelo europeo, produto da obra de Kelsen. Bótase en falta algunha referencia a algo que parece evidente na actualidade: a superación destes dous tradicionais modelos e a confluencia das súas pretendidas características. No desenvolvemento da xustiza constitucional distínguense tres etapas, correspondentes, unha, ó momento posterior á Primeira Guerra Mundial, outra, ó momento posterior á Segunda Guerra Mundial, e a terceira, ós anos setenta. Tamén se fai unha especial referencia ó nacemento desta institución en Europa Central, onde o impulso se produce dende o ano 1990.

A outra cuestión que pretende ter carácter introductorio é a referida á lexitimidade da xustiza constitucional. Hoxe, a súa xustificación parece un tema superado por motivos da máis variada índole. Non obstante, o autor cre conveniente entrar nel. Non hai que esquecer que o ambiente xurídico do que procede, o francés, foi un dos máis reticentes en aceptar que a lei só pode valer dentro dos límites constitucionais, e que resulta necesario garantir, a través da xustiza constitucional, a supremacía da norma básica. Son diversos os razoamentos que utiliza para sustenta-la lexitimidade do control da constitucionalidade por un órgano xurisdiccional, entre os que destaca o respecto dos dereitos fundamentais, o presuposto do cal é a disociación entre gobernantes e gobernados (se hai diferenza entre a vontade duns e doutros, o control da lei votada por aqueles non é contrario ó principio democrático), e o control dos poderes, que é o trazo esencial da democracia, dado que a idea de sufraxio universal non é, nin moito menos, suficiente. A eles poderíaselles engadi-la garantía das minorías, a defensa da propia supremacía da Carta Magna, e a integración con base en valores que teñen lugar a través da xurisprudencia constitucional.

A análise do estado actual da xustiza constitucional en Europa faise partindo da organización desta. Neste sentido, o estudio comparado das regras de designación revela a existencia de distintos sistemas de elección ou de nomeamento dos xuíces constitucionais, que deben cumprir unha serie de condicións, referidas xeralmente á súa formación profesional, para que teña lugar a dita designación e, tamén deben respectar un conxunto de incompatibilidades co fin de que a súa función non se vexa cuestionada. Sen dúbida, asegura-la autonomía e a independencia do xuíz constitucional é condición *sine qua non* para o éxito das altas tarefas que ten encomendadas. Na marxe da asistencia xurídica da que acostuman dispoñer os xuíces constitucionais, o funcionamento dos tribunais constitucionais ofrece distintas posibilidades na medida en que adoitan estar divididos en cámaras ou seccións, ademais de actuar, noutros casos, en sesión plenaria.

A análise dos aspectos adxectivos que ofrece o presente traballo responde, de novo, a un esquema clásico e suficientemente coñecido. Deste xeito, diferencia entre control *a priori* e control *a posteriori*. Este resulta o máis adecuado, por non dici-lo único adecuado, malia que o autor non o ve con tanta claridade (de novo encontramos outro reflexo do ambiente xurídico francés, no que o control é *a priori*). Só cun control *a posteriori* se pode ir adaptando a interpretación constitucional á realidade do momento histórico en que ten lugar, co fin de que se cumpra, así, a elemental finalidade xurídica de disciplinar con corrección e xustiza a realidade social. Ademais, a lei interpretada pode contemplarse de moi diferente forma en función do contexto histórico no que ten lugar a operación hermenéutica, de forma tal que o que agora se entende como constitucional, ó mellor é visto como inconstitucional no futuro, e viceversa. Para maior abastanza, cabe indicar que o control *a priori* xera dúbidas en canto ó carácter xurisdiccional do mesmo, posto que o principio de contradicción é difícil que se cumpra.

Pero esta non é a única clasificación das modalidades de control que se recolle no traballo. Tamén se alude á diferencia entre control abstracto, concreto (pártese, a diferencia do suposto anterior, dun caso xudicial ordinario e determinado, que presenta carácter subxectivo en tanto en canto os lexitimados defenden intereses propios) e con base nunha demanda individual. Os dous primeiros eran os únicos que se adoitaban ter en conta, pero a aparición do que poderíamos chamar accións populares, é dicir, da posibilidade de que calquera persoa incoe un procedemento de inconstitucionalidade desligado dun caso concreto, fai que teña pleno sentido introducir un ítem máis. En canto ó obxecto do control é subliñable que non só se faga referencia ós actos positivos se-


nón tamén ás omisións do lexislador. Se a Constitución é auténtica norma xurídica, a súa vulneración pode provir tanto por acción como por unha inacción. Do mesmo xeito aténtase contra a súa supremacía tanto realizando un acto contrario a ela como non desenvolvendo un precepto constitucional que conteña tal obriga de desenvolvemento. O fin do proceso constitucional vai máis alá do binomio sentencia estimatoria da inconstitucionalidade-sentencia desestimatoria. A práctica ofrécenos outras modalidades de sentencias (de inconstitucionalidade parcial, de simple inconstitucionalidade, apelativas, constructivas ou manipulativas, interpretativas...) o estudio das cales é un dos temas máis complexos que a actualidade ofrece no campo do dereito público. Neste traballo déixase ver con corrección a punta dese iceberg.

O último bloque do libro dedícase a mostrar algunhas das liñas xurisprudenciais que, nun ou noutro sentido, son comúns ós distintos órganos de xustiza constitucional no noso continente e que afectan ó sistema político do país en cuestión. Neste sentido a xustiza constitucional cumpre un papel tanto protector como innovador. Respecto do primeiro hai que destaca-la protección dos dereitos fundamentais, articulada esta a través dunha serie de ideas que o autor cualifica de dereito común: protección dos principios da economía social de mercado e da sociedade pluralista. De igual forma, estes órganos protexen as competencias das distintas entidades estatais, xa no sentido da distribución territorial do poder (sería o conflito de competencias español), xa respecto das atribucións dos entes centrais (o conflito de atribucións no noso país). Pero como tamén dixemos, o labor da xustiza constitucional aparece cun forte sentido innovador, que se deixa sentir con forza, por exemplo, na mutación que tivo a idea da lei como expresión da vontade xeral o que provocou unha transformación do sistema constitucional que se coñecía anteriormente. Iso resulta en Francia especialmente significativo. Así as cousas, o autor aventúrase a apuntar unha nova configuración política que xira ó redor da figura do xuíz constitucional e que evoluciona cara a unha democracia continua que vaia máis alá da democracia representativa. Por certo, o tema da democracia continua xa o investigara con anterioridade este profesor galo, posto que coordinou un libro colectivo con ese título un ano antes de que saíse á luz a obra por nós comentada.

Estamos, en definitiva, ante un traballo que persegue dar conta con sinxeleza da situación actual da xustiza constitucional en Europa, anque, iso si, renuncia a entrar en análises exhaustivas que, sen dúbida, lle darían unha complexidade da que parece fuxir o autor. Non obstante, non podemos esquecer que unha verdadeira percepción cun fundado coñecemento de causa do que é o auténtico papel dos órganos de xustiza constitucional no continente,

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

só se pode lograr cunha investigación máis densa e reflexiva, en canto ó fondo, cá ofrecida neste traballo. Hoxe, na maioría dos países europeos, os tribunais constitucionais desempeñan un papel esencial no discorrer do sistema político e revélanse como un compoñente básico na forma de Estado democrática. Deste xeito, parafraseando o propio Domenique Rousseau, o control de constitucionalidade convértese nun elemento distintivo e característico dun réxime democrático, no mesmo nivel cá separación de poderes, a independencia do poder xudicial, a liberdade de voto e o pluralismo dos partidos políticos e dos medios de expresión.

Sexa como for, a finalidade informativa xenérica que buscaba o autor si que a consegue sobradamente. Neste labor non só permanece no terreo descritivo e expositivo, tanto dos aspectos normativos como das achegas doutriniais, senón que tamén cruza de maneira exitosa en diversos momentos o campo da sistematización e da explicación. 

José Julio Fernández Rodríguez

Profesor de dereito consitucional.
Universidade de Santiago de Compostela

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en

orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar. Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de
Administración Pública*

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.